



OFFICIAL BROADCASTER

R ofrecerá a Copa do Mundo da FIFA 2026 completa a través de DAZN

- *R alcanzou un acordo con DAZN para ofrecer toda a Copa do Mundo da FIFA 2026™.*
- *Quen teñan contratado DAZN LALIGA con R poderán gozar sen custo adicional dos 104 partidos da competición a través dunha nova canle lineal de DAZN.*

Luns, 27 de abril de 2026.- R, do grupo MasOrange, segue reforzando a súa oferta televisiva cos mellores contidos deportivos. O operador galego ofreceralles aos/ás seus/súas **clientes/as que teñan contratado DAZN LALIGA toda a Copa do Mundo da FIFA 2026™ na televisión de R*** a través dunha nova canle lineal de DAZN dedicada exclusivamente á competición.

O acordo permitiralles gozar, en directo, dos **104 partidos** do vindeiro Mundial, incluídos os da selección española, **sen custo adicional sobre a súa tarifa.**

Adicionalmente, os/as clientes/as de **R** que teñan contratado o plan premium de DAZN tamén poderán desfrutar de toda a competición a través da App de DAZN.

3 países, 16 estadios e 48 seleccións

O Mundial 2026 disputarase **do 11 de xuño ao 19 de xullo en 16 estadios** distribuídos en **Estados Unidos, Canadá e México.** Esta edición promete ser histórica, pois participarán **48 seleccións nacionais –16 máis do que en edicións anteriores–** divididas en 12 grupos de catro equipos cada un.

En concreto, España forma parte do grupo H e xa ten programados os seguintes encontros, que tamén se emitirán, coa mellor calidade de imaxe e son, na televisión de **R** a través de DAZN:

_luns 15 de xuño de 2026 – España-Cabo Verde – 18:00 h – Estadio de Atlanta

_domingo 21 de xuño de 2026 – España-Arabia Saudita – 18:00 h – Estadio de Atlanta

_sábado 27 de xuño de 2026 – Uruguai-España – 02:00 h – Estadio de Guadalaxara



Mundial 2026 ampliará aínda máis a **xa completa oferta que a tele de R* pon ao dispor dos/as afeccionados/as ao deporte rei**, que inclúe 5 partidos cada xornada en 35 das 38 xornadas de LALIGA EA SPORTS con DAZN LaLiga, LALIGA HYPERMOTION (para seguir o Deportivo da Coruña) e tamén os 10 partidos máis interesantes de cada xornada da competición Primeira RFEF *versus e-Learning*, onde se emiten enfrontamentos entre clubs históricos, filiais de equipos de LALIGA EA SPORTS e representantes de capitais de provincia (como os dos clubs galegos C.D. Arenteiro, C.D. Lugo, Celta Fortuna, Ourense C.F., Pontevedra e Racing de Ferrol).

Alfredo Ramos, director de R e de MasOrange en Galicia, afirmou que *“a mellora constante en contidos premium e o noso compromiso por ofrecer unha calidade óptima para ver o mellor deporte en directo consolidan a tele de R e a doutras marcas do grupo MasOrange como referentes fundamentais da televisión en España. Ofrecer o Mundial 2026 con DAZN reforza aínda máis a nosa oferta no panorama televisivo estatal e asegura, ademais, unha experiencia diferencial do entretemento”*.

Enrique de Porres, SVP Marketing de DAZN España, sinalou que *“este acordo con R é un paso máis no noso compromiso por democratizar o deporte e achegarlle o mellor fútbol ao maior número de afeccionados/as posible. A Copa Mundial da FIFA 2026™ é o evento deportivo máis seguido do planeta, e grazas a alianzas como esta traballamos para que cada vez máis fans poidan desfrutar da nosa forma única de vivir o deporte. Levar os 104 partidos do Mundial aos/ás clientes/as de R reflicte perfectamente a nosa misión: facer o deporte accesible para todos/as”*.

**O servizo de televisión de R é prestado por Agile TV a través de OVER THE TOP NETWORKS IBÉRICA, S.L.U.*

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal